

# **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño para a execución da actuación "Mellora das infraestruturas de saneamento no Concello de Salvaterra de Miño. Nova EDAR do Mendo. Salvaterra do Miño (Pontevedra)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027**

## **1. Antecedentes**

O Concello de Salvaterra de Miño ten atribuídas competencias en materia de saneamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2 configura o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia



de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

## **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora das infraestruturas de saneamento no concello de Salvaterra de Miño. Nova EDAR do Mendo. Salvaterra de Miño (Pontevedra)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.



### **3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrenza**

O Concello de Salvaterra de Miño leva anos desenvolvendo o saneamento integral do seu territorio, nas concas dos seus ríos Tea, Caselas e Mendo. No ano 2012, Augas de Galicia completou as obras denominadas “Colectores xerais da conca do Río Mendo” deixando en servizo unha rede de saneamento separativa que recolle as augas residuais xeradas nas parroquias de Leirado, Fiolledo, Soutolobre, Corzáns, Oleiros e Meder.

Unha parte da conca do río Mendo atópase afectada pola construción dunha Plataforma Loxística denominada PLISAN. En canto ás plantas de tratamento, logo da realización dun estudo de alternativas, decidiuse acometer dúas instalacións independentes: por unha banda, a EDAR da PLISAN, no regueiro de Xuliana (Concello das Neves), que recibirá tamén os efluentes das parroquias situadas no extremo suroeste dese municipio; e, doutra banda, na conca do río Mendo (tamén chamado regacho de Loveira) unha EDAR independente, obxecto de este instrumento de colaboración. A existencia de vertidos sen tratar ao medio receptor xustifican a necesidade de execución da citada EDAR .

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a



Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

O artigo 198 Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé os convenios de cooperación como mecanismos para, entre outras finalidades, coordinar a execución de obras ou servizos da competencia dunha das partes e adoptar medidas oportunas para acadar finalidade de interese común.

Así mesmo, o artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato xeral de colaboración entre administracións coa finalidade de acadar os obxectivos das políticas de abastecemento, saneamento e depuración, para o que dispón a celebración dos convenios precisos, sen prexuízo da utilización doutras posibles técnicas de colaboración.

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas existentes e conservalas nas condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.



Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

#### 4. Estimación de custos e financiamento

O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a dous millóns de euros (2.000.000,00 €), distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

|       | AUGAS DE<br>GALICIA | CONCELLO DE<br>SALVATERRA DE<br>MIÑO | IMPORTE      |
|-------|---------------------|--------------------------------------|--------------|
| 2024  | 192.124,25          | 21.347,14                            | 213.471,39   |
| 2025  | 1.152.745,49        | 128.082,83                           | 1.280.828,32 |
| 2026  | 455.130,27          | 50.570,02                            | 505.700,29   |
| TOTAL | 1.800.000,01        | 199.999,99                           | 2.000.000,00 |

Por acordo do Consello da Xunta do 18 de outubro do 2023, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Para financiar a súa achega Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.



Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

